

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION	ANUNCIOS Y OTRAS INSERCIONES
Al año.....36,06 €	Por cada palabra o números.....0,15 €
Al semestre.....24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Mas gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación.....6 €
VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS	SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS
Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €	<i>Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)</i>
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas0,90 €	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
Por ejemplar de más de 12 páginas1,35 €	
<i>LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE</i>	

Excma. Deputación Provincial

NOTIFICACIÓN DO DECRETO DA PRESIDENCIA POLO QUE SE CONVOCAN PARZAS, DE PERSOAL FUNCIONARIO, CORRESPONDENTES A OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2008.

Por Decreto da Presidencia de data 18 de xullo de 2008, apróbbase a oferta de emprego para o ano 2008 da Excma. Deputación Provincial e do INLUDES, publicándose nos Boletíns Oficiais da Provincia números 175, de 31 de xullo de 2008 e número 186, de 13 de agosto de 2008.

Vista a oferta de emprego para o ano 2008; vistas as necesidades dos servizos; constatándose a necesidade de prover definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que seguidamente se relacionan:

Nº

V	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	COTA	GRUPO SUBGRUPO	FORMA DE PROVISIÓN
1	Licenciado/a en Filoxía Galega	Escala Admón. Especial. Prazas Cometidos Especiais.	Xeral	A-A1	Oposición libre
1	Médico/a	Escala Admón. Especial. Subescala Técnica. Técnicos Superiores	Xeral	A-A1	Oposición libre
1	Técnico/a Xestión	Escala Admón. Xeral, Subescala Xestión	Xeral	A-A2	Oposición libre
3	Auxiliares	Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar	2 Xeral 1 Reserva	discapacitados	C-C2 Oposición libre
1	Cociñeiro/a	Escala Admón. Especial. Subescala Servizos Especiais, Persoal de Oficios	Xeral	C-C2	Oposición libre
1	Porteiro/a	Escala Admón. Xeral. Subescala Subalterna	Xeral	Agrupacións profesionais	Oposición libre

Considerando o establecido no artigo 55 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o determinado no artigo 91.2 da Lei 7/85, de 2 de abril LRBR e en uso das atribucións que lle confiren os artigos 5 do RD 896/91, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local e o artigo 34.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 11/99 de 21 de abril, e Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local esta Presidencia, RESOLVE:

1º.- Aprobar as bases xerais e específicas para a provisión das prazas do cadro de persoal funcionario, acceso libre antes mencionadas.

2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases xerais e específicas no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE, e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa tramitación

Pazo Provincial, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, ilexible.

BASES XERAIS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL FUNCIONARIO, NESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, PARA ACCESO LIBRE

1.- NORMAS XERAIS.

1.1.- NORMAS DE APLICACIÓN.

As presentes probas selectivas seranlles aplicables a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no que resulte vixente a Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBR); Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL); Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (LMRFP); Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Admón. Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 4/1988, de 26 de maio da Función Pública de Galicia, as bases da convocatoria e o Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación e do INLUDES.

1.2.- CONVOCATORIA.

Aprobadas as bases polo Ilmo. Sr. Presidente, este ordenará a convocatoria do procedemento selectivo publicándose, xunto coas presentes bases xerais e mailas bases específicas correspondentes ás prazas convocadas, no BOP, enviando extracto da convocatoria ao

Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

2.- OBXECTO .

As presentes bases xerais teñen por obxecto establecer o procedemento xeral polo que se rexerán os procesos selectivos para acceder ás distintas escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario desta Deputación, vacantes no cadro de persoal funcionario, dotadas orzamentariamente e incluídas na correspondente oferta de emprego, para prover mediante acceso libre.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o determinado nas bases específicas para cada praza.

4.- PRAZAS QUE SE CONVOCAN.

O número de prazas ofertadas establecerase na convocatoria, determinando o número de prazas reservadas a sistema de acceso xeral e, no seu caso, as que se reservan para ser cubertas por persoas con discapacidade, con grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

5.- INCOMPATIBILIDADES.

As persoas que obteñan as prazas ás que se refire a convocatoria, estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas).

6.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

6.1.- Para poder participar nos procesos selectivos os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos.

a) Ter nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Cumprir, no momento da toma de posesión, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo á Deputación ou INLUDES, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

g) No caso de que exista cota para persoas discapacitadas, ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

h) Ter ingresado na Tesourería da Deputación ou na conta bancaria 2091-0163-45-3110000421 de Caixa Galicia a cantidade fixada como taxa por participación en procedementos selectivos (base 7.6.1).

i) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

6.2.- Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

7.- SOLICITUDES.

7.1.- FORMA.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar solicitude, que figura como anexo I destas bases xerais e que se facilitará no Rexistro Xeral desta Entidade, manifestando que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nestas, en particular na base xeral 6 e na base específica 4.

Deberá constar nesta solicitude o compromiso, no caso de obter a praza, de xurar ou prometer lealdade ao Rei, respecto aos dereitos das persoas, estrita observancia da Lei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, a que se refire a base 6.1.g), deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido

polo órgano competente, e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Os aspirantes so poderán participar, no caso de que exista cota de discapacitados nun dos dous sistemas. Se da instancia que se presente non se deduce a súa opción, incluíranse, por defecto, na lista provisional do sistema xeral. Polo tanto, tras a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

A solicitude deberá ser debidamente cumprimentada e se acompañará a mesma cos documentos sinalados na base 7.6.

7.2.- ÓRGANO A QUEN SE DIRIXE.

As instancias correspondentes dirixiranse ao Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial.

7.3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

7.4.- LUGAR DE PRESENTACIÓN.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo, ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de correos antes de seren certificadas.

7.5.- ERROS NAS SOLICITUDES.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fora do prazo establecido non será emendable e supoñerá a exclusión do procedemento selectivo.

7.6.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

7.6.1 TASA POR PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS.

A) Documentación acreditativa de ter aboada a taxa por participación en procesos selectivos.

De acordo coa ordenanza de esta Excma. Deputación Provincial publicada no B.O.P nº 202 de 1 de setembro de 2004, onde se establece a Taxa por participación en procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial ou os seus Organismos Autónomos para participar na presente convocatoria,

os aspirantes deberán facer o aboamento de 15 euros que ingresarán directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia bancaria na conta número c/c-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

Os aspirantes acompañarán a solicitude co documento acreditativo de ter feito ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes, (no caso de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería, indicárase a data do xiro ou da transferencia e o número do resgardo).

B) Certificación relativa á condición de desempleado aos efectos de redución da taxa por participación en procesos selectivos.

Os aspirantes que acrediten a condición de desempregados e non perciban prestación de desemprego, terán unha redución na taxa de participación en procedementos selectivos do 75%. En consecuencia, para acreditar esta situación e participar no procedemento selectivo que se convoca deberán aboar a cantidade de 3,75 euros en concepto de taxa por participación en procesos selectivos. directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia bancaria na conta número c/c-2091-0163-45-3110000423 da Caixa Galicia, oficina 0163 ou mediante xiro postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

Os aspirantes neste supostos deberán acompañar á solicitude:

- Certificacións da oficina do Servizo Público de Emprego Estatal (SPEE) que acrediten a condición de ser desempleado e de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

- Documento acreditativo de ter feito o ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes.

C) En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento, substituirá á obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo enmendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

D) Devolución da taxa por participación en procesos selectivos.

Únicamente procederá a devolución da taxa a aqueles aspirantes que o soliciten e que fosen excluídos definitivamente da participación das probas.

7.6.2. ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.

A) Documentación acreditativa dos méritos alegados cando o sistema selectivo sexa o concurso de méritos ou o concurso-oposición.

Os aspirantes deberán presentar, acompañando á solicitude a documentación que acredite os méritos

aos que fai referencia a convocatoria en relación á fase de concurso ou ao concurso de méritos.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo que figura nas bases específicas, deberán xustificarse polos interesados fidedignamente con documentos orixinais ou unha copia autenticada acreditativa daqueles, mediante certificacións, titulación ou titulacións (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas), informe do Xefe da Área, Servizo ou Sección correspondente, currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión destes.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán, aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

8.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

8.1.- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS.

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, o Ilmo. Sr. Presidente, ditará Resolución no prazo máximo de un mes, declarando a lista provisional de admitidos e excluídos, cos nomes, apelidos e causa de exclusión indicando se a mesma é ou non é subsanable. Esta Resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo.

8.2. SUBSANACIÓN DE ERROS E ALEGACIÓNS.

Conforme ao disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, os interesados poderán solicita-la emenda dos erros subsanables que se produciran na lista de admitidos e excluídos provisional, nun prazo de dez días contados dende o seguinte á publicación da citada Resolución no BOP.

Se en dito prazo non se subsanan os defectos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa subsanación en tempo e forma, os aspirantes comprobarán non só que non se atopan na relación de excluídos, senón que, ademais, figuran na lista da quenda correspondente (sistema xeral ou cota de discapacitados) e que os seus nomes e datos persoais se recollen correctamente.

8.3. LISTA DEFINITIVA.

Finalizados os prazos sinalados, o Ilmo. Sr. Presidente ditará Resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións presentadas e publicará tamén a citada resolución no BOP coas listas definitivas completas de admitidos e excluídos.

De non producirse excluídos ou de non presentarse ningunha alegación á lista provisional, esta entenderase definitiva transcorrido o prazo de dez días hábiles dende a publicación da Resolución aprobatoria desta no BOP.

8.4. RECURSOS CONTRA A LISTA DEFINITIVA.

Contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, os aspirantes excluídos poderán interpoñer potencialmente, recurso de reposición, diante do Ilmo. Sr. Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP ou ben, recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación no BOP.

8.5.- O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

9.- DESIGNACIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

9.1. - COMPOSICIÓN.

O Tribunal cualificador estará composto por un mínimo de 5 membros titulares e 5 suplentes sendo a súa composición a seguinte:

PRESIDENTE: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

VOGAIS:

- Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Excm. Deputación Provincial.

SECRETARIO: O da Corporación ou funcionario que o substitúa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Ilmo. Sr. Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

9.2.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir, comunicándolle ao presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da citada norma.

9.3.- ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal constituirase na data que designe o Presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada Tribunal, titulares ou suplentes, con presenza en todo caso do Presidente e o do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa citada.

O Tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizar os exercicios cas do resto dos aspirantes; neste sentido, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten na forma prevista na base 7.1, as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización. Se na súa realización lle xurdisen dúbidas ao Tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo ao que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

9.4.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSONAL DE COLABORACIÓN.

O Presidente poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

9.5.- PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencia na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, os membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe, conforme determina o RD 462/2002, de 24 de maio, podendo efectuar o citado desprazamento en vehículo propio.

9.6.- PUBLICACIÓN.

A Resolución do Ilmo. Sr. Presidente publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e conterá:

a) A composición do Tribunal cualificador.

b) A citación ao Tribunal para que se constituía e proceda á valoración dos méritos da fase de concurso ou do concurso de méritos.

c) A citación aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, garantindo un prazo mínimo de 15 días dende a data de publicación á do primeiro exercicio, no caso de que o sistema de selección sexa o concurso-oposición ou a oposición.

d) A orden de actuación dos candidatos cando se trate de exercicios nos que non se poida gardar o anonimato, comenza pola letra Z segundo o sorteo público realizado en data 22-03-07, publicado no B.O.P. nº 74, de 30 de marzo de 2007. No resto das probas a orde será polo número de control, sempre de menor a maior.

10.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

10.1.- CRITERIOS XERAIS.

O sistema de selección será o que se determine nas bases específicas para cada praza.

O baremo de méritos que rexerá na fase de concurso (cando o sistema de selección sexa o concurso-oposición) ou no concurso de méritos (cando o sistema de selección sexa o concurso) será o establecido no anexo ás presentes bases ou nas bases específicas.

No concurso-oposición, a fase de concurso non terá carácter eliminatorio. A valoración de méritos farase pública no taboleiro de anuncios da Deputación con anterioridade ao primeiro exercicio da fase de oposición, non podendo aplicarse a puntuación obtida nesta fase para superar os exercicios da fase de oposición.

No concurso-oposición e oposición os exercicios determinaranse nas bases específicas. Serán obrigatorios e terán carácter eliminatorio, salvo que especificamente se determine o contrario.

Na realización dos exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes. Neste tipo de exercicios, quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen ao aspirante, ou sinais ou marcas que puidesen vulnerar o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

Para cumprimento do establecido no artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, nas probas selectivas terase que demostrar o coñecemento da lingua galega. Para estes efectos, as bases específicas establecerán que probas deberán realizarse exclusivamente en lingua galega (unha ou máis), e iso sen prexuízo doutras probas adicionais, que se puidesen prever, para aqueles postos de traballo que requiriran un especial coñecemento da lingua galega.

10.2.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS (fase de oposición ou oposición).

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos do seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Malia o anterior, as mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo, 48 horas logo do anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O Tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do Tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

O Tribunal poderá ordenar a realización dos exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie ao rematar cada un dos exercicios anteriores. Non obstante, os aspirantes poderán solicitar que dende o inicio dun exercicio ata o comezo do seguinte transcorra un prazo mínimo de setenta e dúas horas, prazo que neste caso debe ser respectado polo Tribunal.

Unha vez comezadas as probas non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios para a realización das restantes no BOP, sendo suficiente a súa publicación no taboleiro de anuncios desta Entidade.

11.- CUALIFICACIÓN.

11.1.- MODO DE CUALIFICACIÓN.

a) Fase de concurso (concurso-oposición) ou concurso de méritos (concurso).

A cualificación adoptarase aplicando o baremo de méritos establecido nas bases específicas.

b) Fase de oposición ou oposición.

As cualificacións obteranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do Tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal

11.2.- CUALIFICACIÓN FINAL.

a) Sistema de concurso:

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións dos distintos apartados establecidos no baremo de méritos, debendo os aspirantes (para adxudicar as vacantes) superar a puntuación mínima fixada para cada caso nas bases específicas, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

b) Sistema de concurso-oposición:

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

c) Sistema de oposición:

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios, establecendo deste xeito a orde definitiva de aspirantes aprobados.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública Galega

se verificara a infrarrepresentación ao sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres no concurso-oposición e na oposición, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, se se mantén, acudirase á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva. No sistema do concurso acudirase a puntuación obtida nos distintos apartados do baremo, resolvendo o empate a favor do aspirante que tivera máis puntuación no primeiro apartado, se se mantén acudirase aos seguintes apartados.

12.- LISTA DE APROBADOS, PROPOSTA DO TRIBUNAL, PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN.

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal publicará a relación dos aprobados pola orde de puntuación. O Tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios da Deputación, contendo así mesmo proposta de nomeamento a favor dos aspirantes seleccionados.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira. Para os efectos previstos neste punto, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos a que se refire a base 12.3.

A proposta de nomeamento será notificada aos aspirantes propostos coa indicación de que dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da recepción da comunicación fidedigna de ser declarados aprobados, para presentar a documentación que se sinala na base seguinte.

O Tribunal establecerá a orde daqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas.

A Administración, no caso de que xorda a necesidade de prestación de servizos con carácter de urxencia, poderá incorporar persoal da citada relación durante o período dun ano dende a publicación da proposta de nomeamento no BOP.

No suposto de que existan prazas reservadas a cota de discapacidade e que non sexan cubertas por persoas con discapacidade, estas acumularanse ao sistema de acceso xeral. Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

13.1.- DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR.

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.

b) Certificación en extracto de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.

c) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.

d) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

e) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

g) No caso de aspirantes a prazas de cota reservada a persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superen a oposición, deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Excm. Deputación requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade do desempeño das correspondentes funcións.

Se os aspirantes seleccionados tiveran a condición de funcionarios públicos, estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso presentarán certificación do Organismo ou Ente do que dependan, acreditativo da súa condición de funcionario, así como das demais circunstancias que consten no seu expediente persoal que sexan necesarias para xustificar os requisitos esixidos para o nomeamento.

13.2.- PRAZO.

O prazo de presentación será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

13.3.- FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os que dentro do prazo indicado, excepto os casos de forza maior, non presentaran a súa documentación

ou cando da mesma deducírase que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 6, non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude.

14.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

14.1.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Á vista da proposta de nomeamento formulada polo Tribunal e comprobado que os aspirantes incluídos na citada relación de aprobados presentaron a documentación xustificativa dos requisitos sinalados na base xeral 6, o Ilmo. Sr. Presidente formulará proposta á Xunta de Goberno para que efectúe o nomeamento resolvendo definitivamente o procedemento selectivo.

14.2.- NOMEAMENTO.

A Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial, procederá a nomear funcionarios de carreira na escala e subescala, clase e categoría correspondente aos opositores propostos publicándose o acordo no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento será notificado aos interesados.

14.3.- TOMA DE POSESIÓN.

A toma de posesión dos aspirantes nomeados efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á recepción da notificación do seu nomeamento.

14.4.- ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO.

Os postos de traballo vacantes, adxudicaranse de acordo coas peticións dos interesados, entre os postos ofertados e segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

15.- RECURSO.

Contra a presente resolución pola que se aproban as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

16.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR PRAZAS DA OFERTA DE EMPREGO , DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.

I.- DATOS DA PRAZA

DENOMINACIÓN: _____

DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP: _____

QUENDA Á QUE SE PRESENTA: SISTEMA XERAL
COTA RESERVA DISCAPACITADOS

II. DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO :

1º.- Que reúno todos e cada uno dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ser maior de idade.
- c) Estar en posesión do título de _____ esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Poseer a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

así mesmo manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan .(En folio aparte especificíranse os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e a tomar posesión da praza e do correspondente posto de traballo, previo xuramento ou promesa nos termos legalmente establecidos, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas bases da convocatoria, en particular os que sinala a Lei 53/ 1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Lugo, a.....de.....de

(Asinado)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE LICENCIADO/A FILOLOXÍA GALEGA, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, PRAZAS COMETIDOS ESPECIAIS, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a prazas de LICENCIADO/A FILOLOXÍA GALEGA, Escala de Administración Especial, Prazas Cometidos Especiais, Grupo A, Subgrupo A1, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3.- CARACTERÍSTICA DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

A/as praza/s convocada/s de Licenciado/a Filoloxía Galega encádrase/encádranse no Grupo A- Subgrupo A1 (artigo 76 do EBEP), Escala de Administración Especial, Prazas Cometidos Especiais, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está/n dotada/s no orzamento vixente, correspondéndolle/s as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta/s praza/s e posto/s de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos servizos desta.

O/s titolare/s deste/s posto/s realizará/n as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

De acordo co artigo 56 e) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e co artigo 25 da Lei 30/84 de 2 de agosto, para acceso a Escala de Administración Especial, Prazas Cometidos Especiais, Grupo A-Subgrupo A1, será necesario estar en posesión do título de Licenciado en Filoloxía Galega,

Licenciado en Filoloxía Hispánica rama galego-portugués

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios.

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.

Á elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizalo dunha hora e trinta minutos ou

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa sendo neste caso o tempo máximo para realizar o exercicio corente e cinco minutos.

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

Este exercicio debe ser lido polos aspirantes diante do tribunal na data que este determine podendo asistir os demais aspirantes.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 5 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 2,5 puntos para superar o exercicio.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

Consistirá na exposición por escrito de catro temas seleccionados por sorteo entre os que figuran no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa que figura na base 6ª.

O sorteo será do seguinte xeito:

1 tema dos apartados B.1 Historia da Lingua (temas 19 ao 25), B.4 Semántica (temas 77 ao 83) e B.5 Comunicación e Linguaxe Administrativa (temas 84 ao 90).

1 tema do apartado B.2 Sociolingüística e Lexislación (temas 26 ao 47).

2 temas do apartado B.3 Gramática (temas 48 ao 76).

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio é de tres horas.

O segundo exercicio deberá ser lido polos aspirantes diante do Tribunal, na data que se determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión mais precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

5.3.- TERCEIRO EXERCICIO.

O terceiro exercicio consistirá nunha proba práctica sobre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS, establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/ posto de traballo que se convoca.

O Tribunal propoñerá, cando menos, dous exercicios e os aspirantes elixirán un dos exercicios propostos e realizarano no tempo máximo de dúas horas e trinta minutos.

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia).

Este exercicio poderá ser lido polos aspirantes diante do tribunal na data que este determine podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión mais precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE LICENCIADO/A FILOLOXÍA GALEGA, ESCALA DE ADMÓN. ESPECIAL, PRAZAS COMETIDOS ESPECIAIS, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A) MATERIAS COMÚNS.

1.- A Constitución Española de 1978. Principios Xerais.

2.- Os Dereitos e deberes fundamentais dos Españóis.

3.- Principais Órganos do Estado: A Coroa e as Cortes Xerais.

4.- O Goberno e a Administración.

5.- O Poder Xudicial e o Tribunal Constitucional.

6.- A Organización Territorial de Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado.

7.- O Estatuto de Autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia: aspectos esenciais.

8.- O réxime local español: Principios constitucionais e regulación xurídica.

9.- A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

10.- Principios de actuación da Administración Pública.

11.- A calidade dos servizos públicos.

12.- O sometemento da Administración á Lei e ó Dereito. Normas supraestatais.

13.- Normas estatais, autonómicas e locais. Outras fontes do Dereito Administrativo.

14.- O Procedemento Administrativo Local. Conceptos Xerais.

15.- Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

16.- Os orzamentos Locais.

17.- O persoal ao servizo das corporacións Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

18.- A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

B.1 HISTORIA DA LINGUA.

19.- Orixe do galego. As linguas de substrato, a romanización e as linguas de superestrato.

20.- A lingua galega na Idade Media.

21.- O lingua galega nos Séculos Escuros.

22.- A situación da lingua galega desde o Rexurdimento á Guerra Civil.

23.- A situación da lingua galega desde a Guerra Civil ao 1978.

24.- A situación da lingua galega desde a oficialidade ata o momento actual.

25.- O galego hoxe, o estándar. Proceso de estandarización da lingua galega.

B.2 SOCIOLINGÜÍSTICA E LEXISLACIÓN.

26.- Situación lingüística de Europa e do mundo: Plurilingüismo e multilingüismo.

27.- Linguas minorizadas e minorías lingüísticas en Europa e en España.

28.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España.

29.- Situación sociolingüística do idioma galego: Bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico.

30.- Situación sociolingüística de Galicia: Lealdade lingüística, cambio lingüístico, prestixio e promoción social da lingua galega.

31.- Situación sociolingüística de Galicia: Usos e actitudes lingüísticas.

32.- Situación sociolingüística de Galicia: Competencia lingüística e lingua inicial.

33.- A lingua galega na Comunidade Autónoma de Galicia. Normalización e normativización da lingua galega.

34.- Lexislación lingüística. A Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.

35.- A Lei de normalización lingüística.

36.- O Plan de normalización da lingua galega.

37.- Dereitos e deberes lingüísticos. Lexislación lingüística.

38.- Política lingüística e planificación lingüística. Definición e obxectivos.

39.- Dinamización lingüística e normalización da lingua galega. Definición e obxectivos.

40.- Criterios para elaborar un plan de normalización lingüística para a Administración Local e en concreto para as deputacións provinciais.

41.- Os servizos de normalización lingüística. Organización, funcións, medios, recursos e medidas.

42.- Dinamización lingüística e promoción da lingua galega desde un servizo de normalización lingüística.

43.- O proceso de normalización lingüística en Galicia. Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos educativo e institucional.

44.- O proceso de normalización lingüística en Galicia. Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos cultural, socioeconómico e de comunicación en Galicia.

45.- Actores da política lingüística: Institucións, organismos públicos e privados, organizacións sociais e individuais. Intervención e participación.

46.- Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías da información e da comunicación: Incidencia no proceso normalizador. Situación e perspectivas.

47.- Cine, música, teatro, pintura, arquitectura, relixión... A súa incidencia no proceso normalizador.

B.3) GRAMÁTICA.

48.- A gramática: Tipos de gramática e termos gramaticais.

49.- A gramática do texto. O texto e as súas propiedades.

50.- Fonoloxía, fonética e ortografía da lingua galega. Os fonemas do galego e os trazos distintivos.

51.- O sistema vocálico da lingua galega.

52.- O sistema consonántico da lingua galega.

53.- A sílaba. O acento e a entoación. O acento diacrítico.

54.- O artigo, o demostrativo e o posesivo.

55.- Os indefinidos e os numerais. As indicacións de lugar, de tempo, das datas, de cantidade. As indicacións de pesos e medidas.

56.- O substantivo. Xénero e número.

57.- O adxectivo. Clases e graos.

58.- Os relativos, interrogativos e exclamativos.

59.- O pronome persoal tónico e o tratamento persoal.

60.- O pronome persoal átono. O dativo de solidariedade e o dativo de interese. A colocación do pronome na oración.

61.- O verbo. Conxugacións. Os verbos regulares e semirregulares.

62.- O verbo: Os verbos irregulares.

63.- Valores dos modos e tempos verbais.

64.- As formas non finitas do verbo: O infinitivo, o xerundio e o participio.

65.- As perífrases verbais. Estrutura e tipos.

66.- O adverbio. Clases.

67.- A preposición. Formas e usos das preposicións e das locucións prepositivas.

68.- A conxunción e as locucións conxuntivas. A interxección.

69.- Unidades sintácticas: O texto, a oración e o enunciado.

70.- Unidades sintácticas: O enunciado e a frase. Tipos de frases e enunciados. A frase e tipos.

71.- Unidades sintácticas: Elementos constituíntes dunha oración e funcións sintácticas.

72.- Unidades sintácticas: Tipos de oracións segundo o predicado.

73.- As oracións simples e constituíntes.

74.- As oracións compostas. Tipos.

75.- As oracións coordinadas. Tipos.

76.- As oracións subordinadas. Tipos.

B.4) SEMÁNTICA.

77.- A semántica: Campos semánticos e familias léxicas. Os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais.

78.- Relacións semánticas: Sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia. Os cambios semánticos, tabús e eufemismos.

79.- A lexicoloxía. A palabra e os seus constituíntes. Mecanismos de creación de palabras: Derivación, composición e parasíntese.

80.- Mecanismos de creación de palabras: Préstamos, neologismos, siglas e acrónimos.

81.- A terminoloxía en Galicia. Principio básicos do traballo terminolóxico e ferramenta de normalización lingüística.

82.- As gramáticas e os dicionarios galegos. Tipos de dicionarios e usos. Problemas na utilización de dicionarios

83.- A comunicación. Elementos que interveñen no acto de comunicación. Signo lingüístico e funcións da linguaxe.

B.5) COMUNICACIÓN E LINGUAXE ADMINISTRATIVA.

84.- Unidade e variedades da lingua galega.

85.- Variedades xeográficas ou dialectais da lingua galega.

86.- Interferencias lingüísticas na lingua galega: Vulgarismos, dialectalismos, hipergaleguismos e lusismos.

87.- Interferencias lingüísticas na lingua galega: castellanismos fonético-fonolóxicos, morfosintácticos e léxico-semánticos.

88.- Os tecnolectos e a linguaxe administrativa.

89.- Propostas de renovación e de modernización da linguaxe administrativa.

90.- Técnicas de redacción e estilo administrativo. Tipos de textos.

Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE MÉDICO/A, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a prazas de MÉDICO/A, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, Grupo A, Subgrupo A1, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3.- CARACTERÍSTICA DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

A/as praza/s convocada/s de Médico/a encádrase/encádranse no Grupo A- Subgrupo A1 (artigo 76 do EBEP), Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está/n dotada/s no orzamento vixente, correspondéndolle/s as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta/s praza/s e posto/s de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos servizos desta.

O/s titulare/s deste/s posto/s realizará/n as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

De acordo co artigo 56 e) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e co artigo 25 da Lei 30/84 de 2 de agosto, para acceso a Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, Grupo A-Subgrupo A1, será necesario estar en posesión do Título de Licenciado en Medicina e Cirurxía.

5.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios.

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.

Á elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizalo dúas horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa sendo neste caso o tempo máximo para realizar o exercicio e dunha hora.

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

Este exercicio debe ser lido polos aspirantes diante do tribunal na data que este determine podendo asistir os demais aspirantes.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 5 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 2,5 puntos para superar o exercicio.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

Consistirá na exposición por escrito de catro temas seleccionados por sorteo entre os que figuran no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa que figura na base 6ª.

O sorteo será do seguinte xeito:

1 tema do apartado B.1 Patoloxía Cardiovascular e Dixestiva (temas 20 ao 37).

1 tema do apartado B.2 Patoloxía Neurolóxica e do aparato respiratorio (temas 38 ao 55).

1 tema do apartado B.3 Patoloxía Endocrina, reumatóxica, renal e infecciosa (temas 56 ao 75).

1 tema do apartado B.4 Trastornos Mentais (temas 76 ao 90).

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio é de catro horas.

O segundo exercicio deberá ser lido polos aspirantes diante do Tribunal, na data que se determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión mais precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

5.3.- TERCEIRO EXERCICIO.

O terceiro exercicio consistirá nunha proba práctica sobre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS, establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/ posto de traballo que se convoca.

O Tribunal propoñerá, cando menos, dous exercicios e os aspirantes elixirán un dos exercicios propostos e realizarano no tempo máximo de dúas horas e trinta minutos.

Este exercicio poderá ser lido polos aspirantes diante do tribunal na data que este determine podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión mais precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE MÉDICO/A, ESCALA DE ADMÓN. ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- MATERIAS COMÚNS.

2.- A Constitución Española de 1978. Principios Xerais.

3.- Os Dereitos e deberes fundamentais dos Españóis.

4.- Principais Órganos do Estado: A Coroa e as Cortes Xerais.

5.- O Goberno e a Administración.

6.- O Poder Xudicial e o Tribunal Constitucional.

7.- A Organización Territorial de Estado. Distintas Administración Públicas. A Administración do Estado.

8.- O Estatuto de Autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Aspectos esenciais.

9.- O réxime local español: Principios constitucionais e regulación xurídica.

10.- A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

11.- Principios de actuación da Administración Pública.

12.- A calidade dos servizos públicos.

13.- O sometemento da Administración á Lei e ó Dereito. Normas supraestatais.

14.- Normas estatais, autonómicas e locais. Outras fontes do Dereito Administrativo.

15.- Procedemento Administrativo Local. Conceptos Xerais.

16.- Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

17.- Os orzamentos locais.

18.- O persoal ao servizo das corporacións locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

19.- A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

B.1) PATOLOXÍA CARDIOVASCULAR E DIXESTIVA.

20.- Factores de risco cardiovascular. Hipertensión arterial.

21.- Dislipemias: Definición e clasificación. Tratamento.

22.- Diabetes: Definición e clasificación. Factores de risco e factores protectores. Tratamento.

23.- Dor torácica. Anxina de peito. Infarto de miocardio

24.- Valvulopatías.

25.- Miocardiopatías. Enfermidades do pericardio

26.- Endocardite infecciosa.

27.- Aneurisma de aorta. Coartación de aorta.

28.- Patoloxía arterial periférica.

29.- Enfermidades do esófago. Tumores.

30.- Úlcera gastroduodenal. Definición, etioloxía e patoxenia. Clínica, diagnose e tratamento.

31.- Estrinximento. Síndrome de intestino irritable.

32.- Enfermidade inflamatoria intestinal.

33.- Patoloxía ano-rectal benigna.

34.- Tumores de intestino grosso, de intestino delgado. Cáncer rectal.

35.- Hepatitis víricas. Epidemioloxía, etioloxía, clínica, diagnóstico diferencial. Tratamento.

36.- Ictericia: Definición, etioloxía.

37.- Trastornos colestásicos intra e extrahepáticos. Litiase biliar.

B.2) PATOLOXÍA NEUROLÓXICA E DO APARATO RESPIRATORIO.

38.- Coma e alteracións do nivel de conciencia. Valoración do nivel de conciencia.

39.- Cefaleas máis comúns.

40.- Mareos e vertixes.

41.- Enfermidades do Sistema Extrapiramidal. Enfermidade de Parkinson.

42.- Enfermidades cerebro-vasculares: Factores de risco.

43.- Ictus.

44.- Epilepsias: Epidemioloxía. Estados epilépticos.

45.- Demencias e pseudodemencias.

46.- Enfermidade de Alzheimer.

47.- Esclerose múltiple: Epidemioloxía, clínica, anatomía patolóxica, diagnóstico e tratamento.

48.- Neuropatías. Cervicobraquialxias. Lumbociatalaxia. Síndromes radiculares.

49.- Insuficiencia respiratoria. Tipos e etioloxía. Clínica e tratamento

50.- Asma: Epidemioloxía. Patoxenia, clínica, diagnóstico e tratamento. Crise asmática.

51.- Tromboembolismo pulmonar: Etioloxía, clínica e tratamento.

52.- Enfermidade pulmonar obstructiva.

53.- Cáncer de pulmón: Clínica. Nódulo pulmonar solitario.

54.- Tuberculose: Epidemioloxía, etiopatoxenia, presentación clínica. Tuberculose e infección HIV. Diagnóstico, tratamento e prevención.

55.- Tuberculose extrapulmonar.

B.3) PATOLOXÍA ENDOCRINA, REUMATOLÓXICA, RENAL E INFECCIOSA.

56.- Hipotiroidismo: Epidemioloxía, etioloxía clínica, diagnóstico e tratamento. Bocio e cretinismo.

57.- Hipertirodismo: Epidemioloxía. Causas de tirotoxicose. Enfermidade de Graves-Basedow.

58.- Nódulos tiroideos: Definición, prevalencia. Risco de malignización do nódulo frío, diagnóstico

59.- Otite.

60.- Síndrome inflamatorio conxuntival. Conxuntivites bacterianas, víricas e aléxicas.

61.- O ollo roxo: Diagnóstico.

62.- Artrose: Epidemioloxía: Factores de risco: Artrose segundo frecuencia de localización. Radioloxía e datos de laboratorio. Diagnóstico diferencial e tratamento.

63.- Osteoporose: Tipos, epidemioloxía, diagnóstico e tratamento.

64.- Artrite reumatoide: Anatomía patolóxica, clínica e diagnóstico. Tratamento.

65.- Lupus eritematoso sistémico.

66.- Hiperuricemia e gota. Condrocálcinose. Reumatismo no articular. Bursite. Tenosinovite.

67.- Ombro doloroso.

68.- Tendinite e rotura do manguito dos rotadores.

69.- Incontinencia urinaria e hematuria. Hiperplasia prostática.

70.- Insuficiencia renal aguda.

71.- Insuficiencia renal crónica. Tratamento.

72.- Nefrolitiase: Epidemioloxía, patoxenia clínica. Tipos de cálculos. Estudo diagnóstico. Tratamento.

73.- Endocardite infecciosa: Clínica, diagnóstico, epidemioloxía e patoxenia. Profilaxe de endocardite e tratamento.

74.- Neumonías.

75.- Neumonía por aspiración.

B.4) TRASTORNOS MENTAIS.

76.- Clasificación dos trastornos mentais e do comportamento.

77.- Trastornos de ansiedade. Clasificación clínica. Intervencións psicoterapéuticas e psicofarmacolóxicas dos distintos trastornos de ansiedade.

78.- Trastornos depresivos: epidemioloxía e clínica. Curso e pronóstico, tratamento.

79.- Conduta suicida.

80.- Trastornos somatomorfos. Trastornos de Somatización. Trastornos hipocondríacos.

81.- Trastornos do sono.

82.- Trastornos da conduta alimentaria. Anorexia, bulimia.

83.- Trastornos de personalidade: características clínicas e tratamento.

84.- Trastornos mentais e de comportamento debidos ao consumo de substancias psicoactivas.

85.- Trastornos de control de impulsos.

86.- Trastornos psicóticos.

87.- Esquizofrenia.

88.- Trastorno bipolar e esquizoafectivo.

89.- Pacente axitado.

90.- Trastornos mentais inducidos polo alcohol.

Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a prazas de TÉCNICO DE XESTIÓN, Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A, Subgrupo A 2, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas nases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3.- CARACTERÍSTICA DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

A/as praza/s convocada/s de Técnico de Xestión encádrase/encádranse no Grupo A-Subgrupo A2 (artigo 76 do EBEP), Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está/n dotada/s no orzamento vixente, correspondéndolle/s as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta/s praza/s e posto/s de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a direc-

ción e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos servizos desta.

O/s titular/s deste/s posto/s realizará/n as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

De acordo co artigo 56 e) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e co artigo 25 da Lei 30/84 de 2 de agosto, para acceso a Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A-Subgrupo A2, será necesario estar en posesión do Título de Enxeñeiro Técnico, Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico, Formación Profesional de terceiro grao ou equivalente.

5.- PROCEDemento DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios.

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.

Consistirá na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS.- 1º Dereito Constitucional do programa, sen que teña que atermos aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizalo dunha hora e trinta minutos

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Legislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

Este exercicio debe ser lido polos aspirantes diante do tribunal na data que este determine podendo asistir os demais aspirantes.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar o exercicio.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

Consistirá na exposición por escrito de tres temas seleccionados por sorteo entre os que figuran no apartado na base 6ª.

O sorteo será do seguinte xeito:

1 tema do apartado A) MATERIAS COMÚNS - A.2 Dereito Administrativo Xeral (temas 13 ao 26).

1 tema do apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS - B.1 Dereito Administrativo Local (temas 27 ao 43).

1 tema do apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS - B.2 Xestión de Recursos Humanos, Dereito Financeiro local e Políticas Públicas (temas 44 ao 60).

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio é de tres horas minutos.

O segundo exercicio deberá ser lido polos aspirantes diante do Tribunal, na data que se determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión mais precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

5.3.- TERCEIRO EXERCICIO.

O terceiro exercicio consistirá nunha proba práctica sobre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS, establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/ posto de traballo que se convoca.

O Tribunal propoñerá, cando menos, dous exercicios e os aspirantes elixirán un dos exercicios propostos e realizarano no tempo máximo de dúas horas e trinta minutos, podendo consultar textos legais en soporte papel.

Este exercicio poderá ser lido polos aspirantes diante do tribunal na data que este determine podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión mais precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ESCALA DE ADMÓN. XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A) MATERIAS COMÚNS.

A.1.- DEREITO CONSTITUCIONAL.

1. A Constitución. Significado e clases. A Constitución Española. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma.

2. O título preliminar da Constitución. Os principios constitucionais: O Estado social e democrático de Dereito. Outros principios e valores regulados no título preliminar.

3. Os dereitos e deberes fundamentais, as liberdades públicas e os principios reitores da política social e económica na Constitución Española. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.

4. O Poder Lexislativo. As Cortes Xerais. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

5. O Goberno no sistema constitucional español. O Presidente do Goberno. As funcións constitucionais do Presidente do Goberno. O Goberno: Composición e funcións constitucionais.

6. A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación administrativa.

7. O Poder Xudicial. Regulación constitucional da xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional na Constitución. A Organización da Administración de Xustiza en España

8. A organización político-institucional e administrativa das Comunidades Autónomas. O sistema da distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da C.A. de Galicia.

9. A Unión Europea: Orixe e evolución. Institucións comunitarias, organización e competencias. O Comité das Rexións. A carta europea da autonomía local.

10. Os conceptos de Administración Pública e Dereito Administrativo. O sometemento da Administración ó Dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.

11. O Réxime Local: Significado e evolución histórica. A Administración local na Constitución. A Carta europea da autonomía local. O principio de autonomía local: Significado, contido e límites. Clases de entidades locais.

12. O Dereito Financeiro: Concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. O Réxime xurídico das Facendas Locais.

A.2.- DEREITO ADMINISTRATIVO XERAL.

13. As fontes do Dereito Administrativo. A normativa supraestatal. A normativa estatal: A Constitución como norma xurídica.

14. A Lei e as disposicións do Goberno con forza de lei. O Regulamento. O ordenamento xurídico das CC. AA. Outras fontes do dereito administrativo.

15. A relación xurídico administrativa. As persoas xurídicas públicas: Clases. Capacidade das persoas públicas.

16. O administrado: Concepto e clases. A capacidade dos administrados as súas causas modificativas. As situacións xurídicas do administrado; dereitos subxectivos e intereses lexítimos.

17. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e a forma.

18. A eficacia dos actos administrativos: O principio de autotutela declarativa. A notificación: Contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.

19. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

20. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: Supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.

21. Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. Clases de interesados no procedemento. Dereitos dos administrados.

22. A iniciación do procedemento. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: Cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: Intervención dos interesados, proba e informes.

23. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.

24. A coacción administrativa: O principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: Os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

25. Recursos administrativos: Principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.

26. As reclamacións administrativas previas ó exercicio de accións civís e laborais. As reclamacións económica-administrativas. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: Conciliación, mediación e arbitraje.

B) MATERIA ESPECÍFICAS.

B.1. DEREITO ADMINISTRATIVO LOCAL.

27. As fontes do Dereito Local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de Réxime Local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.

28. A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento orgánico. Os Bandos.

29. O Municipio: Concepto e elementos. A organización municipal. Competencias municipais. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.

30. A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. As relacións entre as comunidades autónomas e as deputacións provinciais.

31. Réxime xurídico dos contratos das Administracións Públicas. Características dos contratos de obras, de concesión de obra pública, de xestión de servizos públicos, de subministracións de servizos, de colaboración entre o sector público e o sector privado.

32. As Entidades Locais como entes contratantes. Órgano de contratación competente. O contratista: Capacidade, solvencia, prohibicións, clasificación.

33. A selección do contratista, actuacións previas á contratación. Procedementos, formas e criterios de adjudicación. Garantías. Perfeccionamento e formalización do contrato. Execución e modificación dos contratos. Extinción do contrato.

34. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

35. A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ó servizo das Administracións Públicas.

36. O sistema electoral local. Elección a Deputados Provinciais e Presidente. A moción de censura no ámbito local. O recurso contencioso-electoral. O Estatuto dos membros electivos das corporacións locais.

37. Órganos de goberno provinciais. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno provinciais. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos.

38. A xurisdición Contencioso-Administrativa. As partes procesuais. Obxecto do Recurso Contencioso-Administrativo. Tramitación do proceso Contencioso-Administrativo. Sistema de recursos. Execución das sentenzas.

39. Competencias propias da Deputación Provincial. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Municipios. Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

40. Singularidades do procedemento administrativo das entidades locais. A revisión e revogación dos actos dos entes locais. Tramitación de expedientes. Os interesados. Abstencións e recusacións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais.

41. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. A actividade de fomento na esfera local.

42. A iniciativa pública económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Os modos de xestión. Especial referencia á concesión de servizos e á empresa pública local. O consorcio.

43. Os bens patrimoniais das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. O inventario.

B.2. XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS, DEREITO FINANCEIRO LOCAL E POLITICAS PÚBLICAS.

44. A función pública local. Clases de empregados públicos locais. Os instrumentos de xestión de recursos humanos. Os funcionarios con habilitación de carácter estatal. Peculiaridades do seu réxime xurídico.

45. Os funcionarios propios das corporacións locais. Selección. Provisión de postos de traballo e promoción interna.

46. A relación de servizos dos funcionarios públicos locais: dereitos, deberes.

47. Órganos de representación e negociación dos funcionarios locais. Negociación colectiva no réxime estatutario.

48. O persoal laboral nas entidades locais. Clases. A representación dos traballadores nas entidades locais. Os convenios colectivos.

49. Réxime de incompatibilidades. Seguridade Social e prevención de riscos laborais ao persoal ao servizo das Entidades Locais.

50. Os recursos das Facendas Locais no marco do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais: dos municipios, as provincias e outras entidades locais. A imposición e ordenación de tributos e o establecemento de recursos non tributarios.

51. Réxime xurídico da recadación das entidades locais. O pagamento e outras formas de extinción das débedas. O procedemento de recadación en período voluntario. O procedemento de recadación por vía de constrinximento.

52. A participación dos municipios e das provincias nos tributos do Estado. Réximes especiais. A cooperación do Estado ós investimentos das entidades locais. Os Fondos da Unión Europea para entidades locais.

53. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás bases de execución do orzamento. A prórroga do orzamento.

54. As fases de execución do orzamento. A liquidación do orzamento: Confección e aprobación, os remanentes de crédito, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

55. Réxime xurídico da Tesourería. Concepto e funcións. Organización. A planificación financeira.

56. O control interno da actividade económico-financieira das entidades locais e os seus entes dependentes. A función interventora: Ámbito subxectivo, ámbito obxectivo, modalidades e os reparos. Os controis financeiros, de eficacia e de eficiencia: Ámbito subxectivo, ámbito obxectivo, procedemento e os informes.

57. O control externo da actividade económico-financieira das entidades locais e os seus entes dependentes. O Tribunal de Contas e os Órganos de control externo das Comunidades Autónomas. As funcións fiscalizadora e xurisdiccional.

58. Análise da políticas públicas. Concepto. Clases: políticas reactivas e anticipativas. Os actores intervinientes nos procesos de elaboración e aplicación de políticas públicas.

59. Os procesos de elaboración e posta en práctica de políticas públicas. As súas fases. A identificación dos problemas, a formulación das políticas, a toma de decisións e a posta en práctica. A avaliación das políticas públicas. Continuidade e finalización das políticas públicas.

60. As transformacións da xestión pública contemporánea: a Nova Xestión Pública. Principios e técnicas. O cidadán como cliente. A ética na xestión pública.

Pazo Provincial de Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE AUXILIAR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a prazas de AUXILIAR, Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3.- CARACTERÍSTICA DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

A/as praza/s convocada/s de Auxiliar Administrativo encádrase/encádranse no Grupo C- Subgrupo C2 (artigo 76 do EBEP), Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está/n dotada/s no orzamento vixente, correspondéndolle/s as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta/s praza/s e posto/s de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos servizos desta.

O/s titulare/s deste/s posto/s realizará/n as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

De acordo co artigo 56 e) e co artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, para o acceso á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C-Subgrupo C2, será necesario estar en posesión do Título de Graduado Educación Secundaria Obrigatoria, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios.

5.1- PRIMEIRO EXERCICIO.

O primeiro exercicio terá dúas partes:

a) A primeira parte consistirá nunha pregunta sobre o apartado A) MATERIAS COMÚNS contidas nos temas 1 ao 5 do programa sinalado na base 6ª, e atérase na súa formulación a algún dos epígrafes contidos nos citados temas.

Este apartado valorarase ata un máximo de 2 puntos.

b) A segunda parte consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas 6 ao 22 referidos ao apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS. Este apartado se valorará ata un máximo de 8 puntos.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio é dunha hora e quince minutos.

Este exercicio será lido polos aspirantes diante do Tribunal na data en que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar as aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar o exercicio.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/posto de traballo que se convoca.

Está proba deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (Artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia).

Realizarase utilizando ordenador, de xeito que permita valorar tamén o manexo de ferramentas informáticas a nivel de usuario (procesador de textos, folla cál-

culo, correo electrónico, Internet, etc), así coma rapidez, corrección e presentación de textos e do propio exercicio no seu conxunto.

Realizarase utilizando ordenador (procesador de textos, folla cálculo, correo electrónico, Internet, etc).

O Tribunal propoñerá, cando menos, dous exercicios e os aspirantes elixirán un dos exercicios propostos.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio poderá ser lido polo aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os manexo de ferramentas informáticas a nivel usuario, a rapidez, corrección, presentación de textos, os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.- PROGRAMA DE ACCESO A PRAZAS DE AUXILIAR, ESCALA DE ADMÓN. XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A) MATERIAS COMÚNS.

ORGANIZACIÓN DO ESTADO E DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

1.-

1.1.- A Constitución Española de 1978. Concepto e estrutura.

1.2.- Principios constitucionais e valores superiores

1.3.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

1.4.-A garantía e suspensión dos dereitos fundamentais.

2.-

2.1.- A Coroa.

2.2.- O Poder Lexislativo.

2.3.- O Goberno na Constitución.

2.4.- A Administración na Constitución.

2.5.- Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

2.6.- O Poder Xudicial., e o Tribunal Constitucional.

3.-

3.1.- Organización territorial do Estado.

3.2.- As Comunidades Autónomas: Organización institucional e competencias.

3.3.- Os Estatutos de Autonomía.

4.-

4.1.- O proceso de construción da Unión Europea.

4.2.- Institucións da UE. O Consello.

4.3.- Institucións da UE. A Comisión.

4.4.- Institucións da UE. O Parlamento.

4.5.- Institucións da UE. O Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Contas.

5.-

5.1.- A Administración Pública no ordenamento constitucional.

5.2.- Distintas Administracións.

5.3.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

DEREITO ADMINISTRATIVO XERAL.

6.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. Fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento.

7.- Os interesados: Concepto de interesado. Capacidade de obrar e as súas causas modificativas. Os dereitos dos cidadáns en relación coa Administración Pública.

8.- Os actos administrativos: Concepto, elementos e clases. Termos e prazos. Requisitos. Validez. Eficacia. A nulidade e anulabilidade.

9.- O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización. A execución.

10.- A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas. A ética pública.

ADMINISTRACIÓN LOCAL.

11.- O réxime local Español: Principios constitucionais. Regulación xurídica. Distintas Entidades Locais. A Administración Local e a modernización das Administracións Públicas.

12.- A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias. O municipio: Concepto e elementos. Idea xeral sobre a organización e competencias do municipio.

13.- A Deputación Provincial de Lugo. Órganos de Goberno e organización administrativa. Funcionamento dos Órganos de Goberno. O INLUDES.

14.- Ordenanzas e regulamento das entidades locais. Clases. Procedementos de elaboración e aprobación. Os bandos.

15.- O persoal ao servizo da Administración Local. O ingreso, a carreira administrativa e a promoción interna. As situacións administrativas. Dereitos e deberes dos funcionarios locais. Sistema retributivo. Incompatibilidades. Réxime disciplinario. O Acordo Marco Único e o Acordo de Condicións de Traballo da Deputación Provincial.

16.- Os bens das entidades locais: A súa clasificación. Os contratos da Administración Local. Clasificación dos contratos. Os seus elementos. Idea xeral sobre a selección do contratista, adxudicación, formalización e execución do contrato e extinción.

17.- As formas de acción administrativa con especial incidencia na esfera local: Fomento, policía e servizo público. A xestión dos servizos públicos locais.

18.- Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.

19.- Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Orzamento das Entidades Locais. Concepto esencial da súa aprobación e execución.

20.- Introducción á comunicación. A comunicación humana: a linguaxe como medio de comunicación. Tipos de comunicación: oral e telefónica... Atención ao público: Acolida e información ao cidadán. Os servizos de información administrativa. A comunicación interna.

21.- Concepto de documento, rexistro e arquivo. Funcións do rexistro e do arquivo. Clases de arquivo. Especial consideración ao arquivo de xestión.

22.- Calidade nas Administracións Públicas como prestadores de servizos. Os cidadáns como usuarios e clientes.

Pazo Provincial de Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE COCIÑEIRO/A, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes Bases Específicas para acceso a prazas de COCIÑEIRO/A Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Persoal de Oficios, Grupo C, Subgrupo C2, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas Bases Xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3.- CARACTERÍSTICA DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

A/as praza/s convocada/s de Cociñeiro/a encádrase/encádranse no Grupo C- Subgrupo C2 (artigo 76 do EBEP), Escala de Administración Especial, Subescala

Servizos Especiais, Persoal de Oficios, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está/n dotada/s no orzamento vixente, correspondéndolle/s as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta/s praza/s e posto/s de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excm. Deputación Provincial en calquera dos Servizos desta.

O/s titulare/s deste/s posto/s realizará/n as funcións que, conforme á Relación de Postos de Traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

De acordo co artigo 56 e) e co artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, para o acceso a Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Persoal de Oficios, Grupo C-Subgrupo C2, será necesario estar en posesión do Título de Graduado Educación Secundaria Obrigatoria, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios.

5.1- PRIMEIRO EXERCICIO.

O primeiro exercicio terá dúas partes:

a) A primeira parte consistirá nunha pregunta sobre o apartado A) MATERIAS COMÚNS contidas nos temas 1 ao 4 do programa sinalado na base 6ª, e aterase na súa formulación a algún dos epígrafes contidos nos citados temas.

Este apartado valorarase ata un máximo de 2 puntos.

b) A segunda parte consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas 5 ao 20 referidos ao apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS. Este apartado se valorará ata un máximo de 8 puntos.

Este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (artigo 28 do Decreto Legislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia)

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio é dunha hora e quince minutos.

Este exercicio será lido polos aspirantes diante do Tribunal na data en que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar as aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar o exercicio.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/posto de traballo que se convoca.

O Tribunal propoñerá, cando menos, dous exercicios e os aspirantes elixirán un dos exercicios propostos.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio poderá ser lido polo aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE COCIÑEIRO/A, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A) MATERIAS COMÚNS.

1.-

1.1.- A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta.

1.2.-Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

2.-

2.1.-A organización territorial do Estado.

2.2.-Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado.

2.3.- Distintas Administracións Públicas. A Administración Autonómica

2.4.- Distintas Administracións Públicas. A Administración Local.

3.-

3.1.-A provincia como Entidade Local. Competencias.

3.2.- Organización Provincial con especial referencia a Excma. Deputación Provincial de Lugo.

4.-

4.1.-O persoal ao Servizo das Corporacións Locais.

4.2.- Dereitos e Deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

5.- O sistema organizativo no Servizo de Hostelería. Organigrama, funcións, responsabilidades, distribución e orde no traballo.

6.- Recepción, almacenamento, conservación e manipulación de alimentos. Reconstitución de alimentos: calentamento, desconxelación. Seguridade alimentaria.

7.- Alimentación e nutrición. Definición e distintas formas de clasificación dos alimentos. Principios de nutrición. Dieta: concepto e tipos básicos.

8.- Planificación dos menús. Características dos menús de hospital. O código de dietas. Variedade. Rotación.

9.- O menú basal. Características. A dieta libre. Cociña dietética. O menú opcional. Características, organización e formas de realización.

10.- Criterio de selección de platos. Fichas técnicas de platos. Estandarización de platos. Gramaxes.

11.- A alimentación como parte da saúde do enfermo. Calidade nos produtos, víveres, preparación, condimentación. Calidade percibida no usuario.

12.- O plato testigo. Instrucións de traballo. Proceso de recollida de mostras testigo. Medios necesarios. Emplatado, conservación e vixilancia.

13.- Intoxicacións alimentarias. Clases, causas e prevención asociada.

14.- Plan xeral de limpeza. Desinfección, desinsectación, desratización. Puntos críticos, avalización e riscos. Medidas preventivas e correctivas.

15.- Limpeza de locais. Características e usos. Sistemas de limpeza. Produtos utilizados. Normas de utilización. Maquinaria de uso común.

16.- Ovos. Métodos de elaboración e presentación. Arroz e pasta, concepto, técnicas de elaboración e presentación.

17.- As carnes: características; clases. Aspectos e denominación de pezas e trozos. Preparación de carnes roxas e brancas: emprego dos distintos trozos.

18.- Os pescados: concepto, clasificación, manipulación e derivados. Definición dos cortes básicos. Formas de preparación.

19.- Fondos de cociña: concepto e clasificación, fondos básicos e fondos complementarios. Sopas e potaxes.

20.- Prevención de riscos laborais específicos da categoría. Medidas de protección individuais e colectivas.

Pazo Provincial de Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE PORTEIRO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNIA, CLASIFICADAS EN AGRUPACIÓN PROFESIONAIS A QUE FAI REFERENCIA A DISPOSICIÓN ADICIONAL SEPTIMA DO EBEP, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes Bases Específicas para acceso a prazas de PORTEIRO/A, Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna, agrupacións profesionais a que fai referencia a disposición adicional septima do EBEP, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas Bases Xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3.- CARACTERÍSTICA DAS PRAZAS E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

A/as praza/s convocada/s de Porteiro/a clasifícanse en Agrupación Profesionais a que fai referencia a disposición adicional septima do EBEP, están encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está/n dotada/s no orzamento vixente, correspondéndolle/s as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta/s praza/s e posto/s de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos Servizos desta.

O/s titulare/s deste/s posto/s realizará/n as funcións que, conforme á Relación de Postos de Traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

De acordo coa disposición adicional séptima da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, para acceso a Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna, Agrupacións Profesionais non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións prevista no sistema educativo

5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios.

5.1- PRIMEIRO EXERCICIO.

O primeiro exercicio terá dúas partes:

a) A primeira parte consistirá nunha pregunta sobre o apartado A) MATERIAS COMÚNS contidas nos temas 1 ao 2 do programa sinalado na base 6ª, e aterase na súa formulación a algún dos epígrafes contidos nos citados temas.

Este apartado valorarase ata un máximo de 2 puntos.

b) A segunda parte consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas 3 ao 10 referidos ao apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS. Este apartado se valorará ata un máximo de 8 puntos.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio é dunha hora e quince minutos.

Este exercicio será lido polos aspirantes diante do Tribunal na data en que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar as aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar o exercicio.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/posto de traballo que se convoca.

O Tribunal propoñerá, cando menos, dous exercicios e os aspirantes elixirán un dos exercicios propostos.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Esta proba deberá realizarse exclusivamente en lingua galega. (artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia)

Este exercicio poderá ser lido polo aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Para a cualificación deste exercicio o Tribunal valorará os coñecementos e a corrección lingüística.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE PORTEIRO/A, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNO, CLASIFICADAS EN AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS A QUE FAI REFERENCIA A DISPOSICIÓN ADICIONAL SEPTIMA DO EBEP, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A) MATERIAS COMÚNS.

1.-

1.1.- A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta.

1.2.- A provincia como Entidade Local.

2.-

2.1.- A Deputación Provincial de Lugo Organización.

2.2.- O persoal ao Servizo das Corporacións Locais.

2.3.- Dereitos e Deberes dos funcionarios ao servizo das Entidades Locais.

B) MATERIAS ESPECIAIS

3.- A atención ao cidadán. Recepción e telefonía. Vixilancia e control ás persoas que acceden ás dependencias administrativas.

4.- Traballos con materiais e maquinaria de oficina. Reprografía, Destrución de documentación. Ensobrado. Etiquetado. Guillotinado. Encadernación. Grapado. Taladro. Tipos de papel

5.- A documentación administrativa. Descrición dos principais documentos: instancia, anuncio, informe, resolución, comunicación e notificación.

6.- A notificación de documentos administrativos. Práctica da notificación.

7.- Reunións e actuacións de comunicación: preparación de locais e materiais.

8.- Nocións básicas sobre seguridade en edificios. Evacuación. Instalacións de protección contra incendios.

9.- Correspondencia: Tipos de franqueo. Certificados. Xustificantes de recepción. Telegramas. Reembolsos, xiros.

10.- A Lei de Prevención de Riscos Laborais: Obxecto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Dereitos e obrigacións. Consulta e participación dos traballadores.

Pazo Provincial, 15 de xaneiro de 2009.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 00216

AYUNTAMIENTOS

O INCIO

Anuncio

En uso de las facultades conferidas por el artículo 43 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, se ha otorgado delegación a favor de la 2ª teniente de Alcalde Dª Inés Fernández López, para la celebración del matrimonio civil entre D. Antonio López González y Dª Ana Paula Sales de Lima, que tendrá lugar el próximo 10 de enero de 2009 en este Ayuntamiento.

Lo que se hace público en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 44 del citado Reglamento.

O Incio, 8 de enero de 2009.- EL ALCALDE, Angel Camino Copa.

R. 00154

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de decembro de 2008, aprobou a forma de adjudicación mediante procedemento negociado para A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Prestazón do servizo de mantemento, conservación, substitución e reparación integral (materiais e man de obra) dos elementos de xogo das áreas de xogos infantís municipais que se

enumeran no ANEXO I do prego de condicións técnicas, e as que se instalen nos parques, xardíns e zonas verdes públicas, así como o mantemento das superficies das ditas áreas incluídos areeiros, pavimentos continuos de seguridade, mantemento, conservación e reparación dos cerramentos e carteis informativos, todo elo de acordo coas condicións técnicas.

b) Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de DOUS ANOS a partir da data indicada na acta de inicio da prestación dos servizos. Dito prazo será prorrogable por un ano máis previo acordo do órgano de contratación.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto anual ascende a 64.000 euros. Non obstante o prezo do contrato será ofertado polos licitadores.

5.- Garantías:

a) Provisional: 3.310,35 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Clasificación do contratista: Grupo O, subgrupo 5, categoría A.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 174,90 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 12 de xaneiro de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 00168

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de decembro de 2008, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento negociado para A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Subministración de material de oficina para o Concello de Lugo, segundo o prego de prescricións técnicas.

b) Prazo de execución: A duración inicial será de UN ANO, podendo ser obxecto de prórroga por UN ANO máis previo acordo adoptado polo órgano de contratación.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto

máximo do contrato é de 110.000 euros, IVE incluído, para a primeira anualidade.

5.- Garantías:

a) Provisional: 2.844,82 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 146,10 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 12 de xaneiro de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 00169

—
Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de decembro de 2008, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para O SERVIZO DE POSTA EN MARCHA E ARRANQUE DO SISTEMA DE ABASTECEMENTO DE AUGA EN ALTA DE LUGO, e na sesión celebrada o día 2 de xaneiro de 2009 aprobou a RECTIFICACIÓN DO ERRO NOS PREGOS DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É obxecto do presente contrato a prestación do servizo de posta en marcha e arranque do sistema de abastecemento auga en alta de Lugo e as súa operación durante o período de convivencia das novas instalacións coa ETAP que actualmente da servizo ó Concello.

b) Prazo de execución: Será de UN ANO contados a partires da acta de inicio da prestación do servizo. Non obstante o contrato poderá prorrogarse por UN ANO mais, previo acordo das partes que deberá formalizarse con antelación á data de finalización do contrato

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

O presuposto total do contrato é de 3.253.441,19 euros.

5.- Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: 23/02/2009.

6.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Clasificación del contratista: Grupo O, subgrupo 4, categoría d.

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: Ata o día 25-02-2009

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula novena do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Centro de Servizos Municipales.

b) Domicilio: Ronda Muralla 197- 3ª planta.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: 27-02-2009.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 857,10 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

12.- Data de envío de anuncio ó Diario Oficial das Comunidades Europeas: 9 de xaneiro de 2009.

Lugo, 9 de xaneiro de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, Sonia Méndez García.

R. 00170

—
DECRETO NÚMERO 35/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr.don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, quince de xaneiro de dous mil nove.

De conformidade co previsto na Base Undécima das Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas polo acordo nº 23/842 da Xunta de Goberno Local, de data do 3-9-2008, e ó terse rematado o prazo

de presentación de instancias dos procedementos selectivos convocados, entre outros, para a cobertura dúas prazas de animador/a sociocultural e visto que non figura ningún aspirante excluído; en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos do citado procedemento selectivo convocado polo Decreto do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, de data do 16 de setembro de 2008, número 718/2008, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 218, do 20 de setembro de 2008, e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, en quenda de consolidación de emprego temporal, que de seguido se indican:

ADMITIDOS:

FERNÁNDEZ EIROS, FRANCISCO JAVIER	33.997.570-M
IRAGO MOSQUERA, LAURA	33.545.252-M
OTERO LABRADA, MARÍA PAZ	33.305.086-M
PARDO OTERO, MARÍA CRISTINA	76.579.581-T
PARGA LÓPEZ, ANA MARÍA	33.338.789-J
PEREIRA BOQUETE, MARÍA	53.161.543-X
ZULUAGA DÍAZ, MARÍA	33.329.930-D

EXCLUÍDOS:

Ninguén.

Segundo.- Sinalar que a orde de actuación dos aspirantes iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "Ñ". No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra "Ñ" a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "O" e así sucesivamente. (BOP nº 207, do 8 de setembro de 2008).

Terceiro.- Proceder á designación nominal do Tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado por este concello para o acceso en propiedade a dúas prazas de animador/a sociocultural vacantes no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego, e que estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

Dona Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: Dona M^a Jesús López Vázquez, Xefa de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

Vogais:

Dona Carmen Neira Vieito, Técnico Medio do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Matilde García Losada, Xefa da Sección de Cultura do Concello de Lugo.

Dona Carmen M^a Fernández López, Educadora Social do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Eva M^a de la Fuente Morado, Educadora Social do Concello de Lugo.

Dona M^a Carmen Flores Ferreiro, Traballadora Social do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Consuelo Rodríguez Bao, Animadora Sociocultural do Concello de Lugo.

Secretario:

Dona Concepción González López, Técnico Medio do Concello de Lugo.

Suplente: Don José Chavarría Chao, Técnico Medio do Concello de Lugo.

Cuarto.- Fixar o lugar, data e hora de comenzo dos exercicios, do xeito que a continuación se indica:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: O 9 de febreiro de 2009 ás 12 horas da mañá na dependencia do Servizo de Persoal no Concello de Lugo, sito na Praza Maior s/n.

- O primeiro dos exercicios desenvolverase o 10 de febreiro de 2009 ás 9 horas da mañá na Aula do Parque Infantil de Tráfico, sito no Parque de Frigsa.

- Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Quinto.- Que se dea traslado da presente resolución ó taboleiro de anuncios municipal, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

Os sucesivos anuncios relativos ó proceso selectivo anteriormente mencionado publicáranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.

Cúmprase.

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de dous mil oito, unha vez rematado o prazo de información pública de quince días hábiles, adoptou, en relación a ADAPTACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL Á LEI DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA (RECLASIFICACIÓN DE PRAZAS, MODIFICACIÓN DE COMPLEMENTOS, INTEGRACIÓN DE AUXILIARES DA POLICÍA NO CORPO DA POLICÍA LOCAL, SUPRESIÓN DE DIVERSAS PRAZAS, CREACIÓN DE PRAZAS DA SUBESCALA FACULTATIVA, CREACIÓN DA AXENCIA DE MOBILIDADE CON CATRO PRAZAS DE AXENTE DE MOBILIDADE, os acordos que na súa parte dispositiva dín o seguinte:

PRIMEIRO.- Declarar a INADMISIÓN de todos os escritos e alegacións presentados fronte ó acordo do Excmo. Concello Pleno, adoptado na sesión celebrada o día 7 de outubro de 2008, que aprobou a "Adaptación do Corpo da Policía Local á Lei de coordinación de policía locais de Galicia (reclasificación de prazas, modificación de complementos, integración de auxiliares da Policía no Corpo da Policía Local, supresión de diversas prazas, creación de prazas da subescala facultativa, creación da axencia de mobilidade con catro prazas de axente de mobilidade)" e denegar as solicitudes de suspensión dos acordos reclamados durante o trámite de información pública, tanto polas razóns xurídicas que serviron de base para a inadmisión das reclamacións, como porque ditos acordos non eran definitivos e, legalmente, non estaban dotados da calidade de executivos.

SEGUNDO.- Elevar a definitivos os acordos adoptados polo Excmo. Concello Pleno na sesión celebrada o día 7 de outubro de 2008 (número 12/133 de dita sesión), contidos nos pronunciamentos resolutivos PRIMEIRO, SEGUNDO, TERCEIRO e CUARTO do asunto relativo á aprobación da "Adaptación do Corpo da Policía Local á Lei de coordinación de policía locais de Galicia (reclasificación de prazas, modificación de complementos, integración de auxiliares da Policía no Corpo da Policía Local, supresión de diversas prazas, creación de prazas da subescala facultativa, creación da axencia de mobilidade con catro prazas de axente de mobilidade)".

TERCEIRO.- Contra os acordos precedentes poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a sala desta xurisdicción do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES contados a partir da data en que se reciba a notificación dos acordos adoptados polos interesados que formularon reclamacións durante o trámite de información pública e, nos restantes casos, a partir da data en que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 13 de xaneiro de 2009.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE, José Rábade Arias.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO, Luis Regal Pavón.

R. 00218

MONFORTE DE LEMOS

Asunto: Aprobación Estatutos Asociación Voluntaria de Municipios "Galicia Central".

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 29 de decembro de 2008, acordou aprobar inicialmente os Estatutos da Asociación Voluntaria de Municipios "Galicia Central", integrada polos Concellos de Lalín, Monforte de Lemos, Melide e O Carballiño. Sométese o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias. Este prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquél no que se produza a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No suposto de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Monforte de Lemos, 8 de xaneiro de 2009.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00100

—
OUROL

Edicto

Notificado para a súa presentación nas oficinas municipais deste Concello aos efectos de subsanar deficiencias no padrón municipal de habitantes:

- José Teixeira Freitas: Tarxeta de residencia: X01511041X.

Publícase a presente notificación no BOP por prazo de 15 días hábiles para que se persone nestas oficinas, de non facelo tramitarse a correspondente baixa de oficio no padrón municipal de habitantes deste Concello.

Ourol, a 9 de xaneiro de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 00146

—
A PASTORIZA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía por don José Angel Otero Salgado, licenza municipal para a apertura de construción de sala de espera para corte de vacún de leite a situar en Barral Alvare, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia poidan examinar o expediente, na Secretaría deste

Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Pastoriza, a sete de xaneiro de dous mil nove.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 00157

—
PORTOMARIN

Edicto

En cumprimento do disposto no artigo 135.4 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do seguinte contrato:

1.- Entidade adxudicadora:

a/ Organismo: Concello de Portomarín.

b/ Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxeto do contrato:

a/ Tipo de contrato: Servizos.

b/ Descrición do proxecto: O obxeto do contrato e a realización do servizo de Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Portomarín.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a/ Tramitación: Ordinario.

b/ Procedemento: Aberto con varios criterios de adxudicación.

4.- Tipo de licitación:

a/ Orzamento máximo do contrato: 104.284,80 IVE incluído "cento catro mil douscentos oitenta e catro euros con oitenta céntimos de euro".

5.- Adxudicación definitiva:

a/ Organo: Xunta de Goberno Local.

b/ Data: 10 de xaneiro de 2009.

